

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DO RECOÑECEMENTO DO GRAO I DA CARREIRA PROFESIONAL

APELIDOS E NOME: _____

DNI: _____

Como participante na convocatoria de recoñecemento do grao I da carreira profesional, declaro baixo a miña responsabilidade que cumpro cos requisitos establecidos no apartado I da Resolución, do ____ de _____ de _____, do/da concelleiro/a de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, pola que se procede á convocatoria do recoñecemento do grao da carreira profesional ao persoal do Concello de Santiago de Compostela.

DECLARO:

- Estar en situación de servizo activo (ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza), tanto a data do último día do ano anterior a convocatoria como a data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, e ter unha antigüidade recoñecida de 5 anos en calquera das administracións públicas.
- Ter a condición de persoa empregada do Concello de Santiago de Compostela, incluída no ámbito de aplicación desta resolución.
- a) Ter recibido 40 horas de formación continuada: cursos organizados e impartidos polo Concello de Santiago, Deputacións, pola EGAP, AGASP, escolas oficiais de formación do Estado e das restantes comunicades autónomas, e cursos impartidos no marco do AFEDAP
- b) Ter impartido 10 horas de formación nalgún dos cursos anteditos:.
- c) Ter realizado todos os cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real decreto 185/1985) ou do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do diploma de estudos avanzados (DEA) / Título de doutor / máster universitario oficial, máster universitario-título propio, experto universitario, especialista universitario.
- d) Ter publicado traballos científicos e de investigación relacionados coa administración pública.
- e) Desenvolver durante dous anos postos de traballo de funcións de dirección, subdirección ou xefatura de servizo ou xefatura de sección ou postos de nivel equivalente
- f) Estar durante dous anos en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares ou nunha situación na que a persoa empregada, estando exento de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo: programas de cooperación internacional, membro do goberno ou órganos de goberno das comunidades autónomas, membro das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, cargos electivos de representación política, postos ou cargos directivos en organismos ou entidades instrumentais do sector público, dispensas para a realización de función sindicais, participación nos órganos constitucionais ou órganos estatutarios das comunidades autónomas.
- g) Ser nomeado e participar na totalidade do proceso, como membro dalgún tribunal cualificador de procesos selectivos ou de provisión de postos.
- h) Prestar servizos durante dous anos en postos de traballo que polas súas especiais características de illamento, soidade, distancia cos centros de formación, cuxas dificultades impediron a realización de actividades formativas.

Data da declaración,

Sinatura